

PROTOCOLO DE PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

A Federación Galega de Caza (FGC) preocupada pola problemática dos incendios forestais que sofre Galicia ano tras ano, e consciente de que a colaboración dos cazadores –que pasamos a maior parte do ano no monte- pode ser determinante na prevención e defensa contra os incendios, ven de asinar un protocolo de colaboración coa Consellería do Medio Rural para colaborar cos Distritos Forestais e cos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios nas tarefas de detección, vixilancia e disuasión dos lumes, e **neste senso fai un chamamento a todas as sociedades de caza, para que os cazadores e os servizos de gardería dos tecores, colaboren como vixiantes informadores coa finalidade de, entre todos, tratar de minorar o número de incendios e levar a cabo un rápido control dos mesmos:**

1. **Chama 085**, ou ponte en contacto con calquera oficina da Federación Galega de Caza, se ves lume ou posibles persoas sospeitosas.
2. Apoia, a través da túa sociedade de caza, aos Servizos de Prevención de Incendios na vixilancia e detección dos lumes, así como nas actuacións de loxística na extinción.
3. Colabora, a través da túa sociedade de caza, cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, e cos Axentes Forestais, na disuasión e investigación de incendios forestais.
4. Colabora, a través da túa sociedade de caza, cos Servizos de Extinción, nas labores de vixilancia posteriores aos lumes para evitar a reprodución dos mesmos.
5. As tarefas de colaboración e apoio prestaranse a través das sociedades de caza, que se coordinarán cos seus respectivos Distritos Forestais para a planificación e execución dun plan de medidas que contemplará as actuacións de prevención e defensa contra incendios e o desenvolvemento da propia actividade cinexética. E tamén serán as propias sociedades as que coordinen aos cazadores e gardería dos tecores cos Servizos de Prevención, cos Corpos e Forzas de Seguridade, e cos Servizos de Extinción.